

Contrato obrigatorio para a participación no desenvolvemento de excursións

Excursión:

CURSO DE ESQUÍ EN ANDORRA

Datas de celebración:

DO 21 MARZO AO 28 MARZO DE 2026

Destino:

ESTACIÓN DE ESQUÍ GRAUROIG

A aceptación das condicións que se presentan a continuación é de **obrigado cumprimento** tanto para o alumnado como para os pais/nais/representantes legais do mesmo. En caso contrario o alumnado **non poderá participar** na excursión

Consideracións previas a ter en conta:

- **Faltas leves:**

- Chegar tarde ás xuntanzas, actividades, visitas, ... programadas.
- Desobediencia leve ao profesorado acompañante.
- Queixas por parte do hotel sobre o comportamento do alumnado.
- Queixas de mal comportamento por parte dos compañeiros.
- E todas aquelas que afecten ao desenvolvemento da excursión e poidan ser resoltas de forma sinxela.

- **Faltas graves:**

- Calquera infracción que supoña o incumprimento da lexislación vixente (consumo de calquera tipo de sustancia estupefaciente ou bebida alcohólica, participación en roubos, alteración da orde pública, ...).
- Desobediencia reiterada ao profesorado acompañante.
- Ausentarse sen permiso do hotel ou das actividades programadas durante a excursión.
- Compartir habitación con alumnado do sexo contrario.
- Ausentarse do hotel pola noite.

- **Posibles actuacións do profesorado ante unha falta grave:**

- En caso de que se cometa calquera infracción que supoña o incumprimento da lexislación vixente (consumo de calquera tipo de sustancia estupefaciente ou bebida alcohólica, participación en roubos, alteración da orde pública, ...) poderá chamar ás autoridades competentes (policía nacional, garda civil, ...) para que investigue o tema e proceda coa apertura das dilixencias que considere oportunas.
- Establecerase comunicación cos pai / nai / representantes legais do alumnado en cuestión e acordarase con estes se é oportuno mandar ao mesmo de volta para a súa casa.
- O profesorado resérvase a acción de enviar ao alumnado de regreso á súa casa sen contar co consentimento do pai/nai/representante legal do mesmo, cando o mal comportamento reiterado daquel poña en perigo un correcto desenvolvemento da excursión ou, en casos extremos, a continuidade da mesma.

Normas de obrigado cumprimento por parte do alumnado

Apelidos:	Nome:
DNI / NIE:	Teléfono de contacto:

- **Comprométome** a obedecer ao profesorado acompañante, a acudir a todas as actividades previstas, a participar activamente nas mesmas, así como a comportarme con amabilidade e corrección durante toda a excursión.
- **Comprométome** a aceptar todas as normas de comportamento da excursión, tanto as indicadas no presente documento como as que o profesorado acompañante puidera requirir en calquera momento da actividade, e asumo todas as consecuencias que se poidan derivar do seu incumprimento.
- **Acepto** que en caso de incorrer en algunha das faltas sinaladas con anterioridade se poidan adoptar as medidas sancionadoras correspondentes, entre as que figura a posibilidade de ser enviado/a de regreso ao domicilio familiar, correndo os gastos ocasionados por dito desprazamento a cargo dos meus pai / nai / representantes legais.

En Noia a de de

Asdo.:

Normas de obrigado cumprimento por parte do pai/nai/representante legal do alumnado

Apelidos:	Nome:
DNI / NIE:	Teléfono de contacto:

Autorizo ao/á meu/miña fillo/a a participar na excursión sobre a que se me está a informar e **comprométome** a acatar as normas que se expoñen a continuación.

Autorizo ao profesorado acompañante a adoptar as decisións oportunas no que atinxe aos problemas de saúde, accidentes ou situacións imprevistas que puidesen acontecer ao/á meu/miña fillo/a durante o desenvolvemento da excursión e/ou viaxe de estudos, e nas que sexa preciso actuar con rapidez.

- **Non autorizo** ao/á meu/miña fillo/a a saír só/soa pola rúa sen ter autorización expresa do profesorado acompañante.
- **Eximo** ao profesorado acompañante de toda responsabilidade ante calquera accidente imprevisto que poida ocorrer durante a viaxe.
- **Comprométome** a que o/a meu/miña fillo/a observe puntualmente os horarios e acuda a todas as actividades previstas durante o desenvolvemento da excursión e/ou viaxe de estudos.
- **Asumo** que en todo momento e lugar o/a meu/miña fillo/a está sometido aos riscos da vida cotiá, polo tanto o profesorado acompañante non pode ser considerado responsable de todos os feitos negativos que se podan producir durante a o desenvolvemento da excursión e/ou viaxe de estudos.
- **Asumo a responsabilidade** dos actos de desobediencia e posibles desperfectos que o/a meu/miña fillo/a puidese ocasionar.
- **Asumo** que no caso de que o comportamento inapropiado e incorrecto do/a meu/miña fillo/a afecte de forma grave ao desenvolvemento normal da excursión, sexa enviado á súa casa, con anterioridade ao remate da actividade, facéndome cargo dos custos que dita decisión poda ocasionar.
- **Asumo** as decisións adoptadas polo profesorado acompañante co fin de atallar e corrixir os problemas provocados polo/a meu/miña fillo/a ao incumprir das normas de comportamento e **acepto** as consecuencias que se podan derivar do mesmo.

En Noia a de de

Asdo.: